



ACTA DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 4 DE OUTUBRO DE 2010

Ás 10.00 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno, baixo a presidencia do Sr. Reitor Magnífico, D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día previamente circulada para o efecto que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**.

Xustificaron en tempo e forma a súa ausencia os Sres. Francisco Alonso Tajés, Alejandro Castro Brandariz, José María Castrillo Neira, Xosé Lois Martínez e Xulio Ferreiro Baamonde.

1. Informe do reitor

O Sr. Reitor comeza o seu informe dando conta dos cesamentos e dos nomeamentos producidos desde o último Consello de Goberno.

Nomeouse a don José Angel Brandariz García como director da Oficina de Igualdade de Xénero en substitución de dona Patricia Faraldo Cabana. Nomeouse tamén o equipo decanal en funcións da recentemente creada Facultade de Economía e Empresa, cesando coa mesma data os equipos de dirección dos centros amortizados (Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e Escola Universitaria de Estudos Empresariais):

- Decano: Gustavo Rego Veiga
- Vicedecana: Pilar Uriz Tomé
- Vicedecano: José Antonio Seijas Macías
- Vicedecano: Iván López Martínez
- Vicedecana: María Dolores Salvador Montiel
- Vicedecano: Andrés Marcos García
- Secretario: Félix Blázquez Lozano

Así mesmo, foi nomeado novo equipo decanal en funcións da Facultade de Ciencias do Traballo e cesou o equipo de dirección da vella Escola Universitaria de Relacións Laborais:



- Decano: Moisés Alberto García Núñez
- Vicedecano: José Luis López Fernández
- Secretario: José María Rolón Varela

A seguir, o Sr. Reitor informa da reunión do Consello de Universidades de 28 de xullo de 2010, en que se discutiu o borrador inicial dos criterios e os indicadores de elaboración do plan de financiamento 2010-2015, sen chegar a ningún acordo definitivo. Así mesmo, subliñou que, na data de hoxe, se descoñecen as cifras do orzamento que a Consellería de Educación pretende destinar ás universidades galegas para o vindeiro ano, e advertiu que o financiamento das axudas e dos contratos aos investigadores non está garantido.

O Sr. Reitor informa da aprobación e publicación do Decreto 150/2010, do 16 de setembro (DOG do 23 de setembro), polo que se aproba a unificación da Facultade de Económicas e Empresariais e da Escola de Estudos Empresariais na nova Facultade de Economía e Empresa, igual que o cambio de denominación da Escola Universitaria de Relacións Laborais.

Asemade, o Sr. Reitor advírtelles aos membros do Consello de Goberno da introdución no Decreto 150/2010 dun mestrado para o campus de Lugo non aprobado polo Consello de Universidades (Mestrado de Enxeñaría Industrial), e que altera gravemente o actual mapa de titulacións, sinalando que a UDC, para a súa corrección inmediata, solicitou da Xunta de Galicia a súa consideración como erro material.

Tamén dá conta o Sr. Reitor do borrador de Decreto sobre procedemento de autorización de novos graos e mestrados no SUG, a que a UDC achegou xa as súas alegacións e suxestións.

A Sra. Vicerreitora de Calidade informou aos membros do Consello sobre o remate da II Convocatoria do programa *Docentia*, dirixido a avaliar a actividade docente do profesorado. Dos 151 profesores que cumprían as condicións para ser avaliados só 126 remataron o proceso, de que se obtiveron os seguintes resultados:

- Informe desfavorable: 0
- Informe favorable: 24
- Informe moi favorable: 105



Quedan por resolver as reclamacións presentadas para elaborar o informe final, que será presentado a este Consello de Goberno.

Informa tamén a Sra. Vicerreitora da inminente publicación de dúas convocatorias que normalmente ían asociadas á Convocatoria de Contratos programas, convocatoria cuxo futuro está pendente do marco de financiamento. As convocatorias referidas son as seguintes:

- A convocatoria de profesor responsable de calidade e converxencia
- A convocatoria de profesor coordinador de mestrado

Os nomeamentos destas figuras serán feitos polo Sr. Reitor por proposta da Dirección do centro e tras a ratificación da Xunta de Centro con data de 1 de outubro.

Como novidade, sinala a Sra. Vicerreitora que, tendo en conta as suxestións do Consello de Goberno e ante as necesidades de reestruturación dos escasos recursos dispoñibles, só recibirán financiamento adicional en forma de complemento económico os coordinadores de mestrados cuxa matrícula no curso 2010-2011 sexa igual ou superior aos 10 alumnos.

E, por último, a Sra. Vicerreitora de Calidade informa de que no último Consello de Dirección da ACSUG, o seu director informou da próxima convocatoria dos complementos de excelencia curricular correspondentes ao ano 2010.

O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica deu conta das validacións de gasto que figuran como **anexo III**

O Sr. Reitor remata o punto de informes lamentando o pasamento de don José Antonio de Rota Monter o día 7 de agosto. O vindeiro día 4 de novembro terá lugar unha xornada de homenaxe ao finado na Facultade de Socioloxía.

2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión ordinaria do 22 de xullo de 2010

Apróbase, por asentimento dos presentes, a acta do 22 de xullo, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade, coa aclaración dos representantes do PAS sobre o seu voto en contra no punto 9,



aclaración que se incorpora á acta da dita sesión e que figura como **anexo IV** da presente acta.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o Secretario Xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo V**, que se clasifican nesta ocasión en convenios marco (4), convenios específicos (18) e convenios para prácticas (66) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

Os convenios en cuestión son aprobados por asentimento.

4. Proposta de modificación do Regulamento electoral xeral

O secretario xeral expón os dous motivos da modificación: a incorporación de medidas tendentes a lograr a paridade de xénero nos órganos de representación da UDC e a modificación do Anexo do Regulamento para adaptar os centros ao Decreto 150/2010, que crea as facultades de Economía e Empresa e Ciencias do Traballo, e suprime a Facultade de Ciencias Económicas, a Escola Universitaria de Relacións Laborais e a Escola Universitaria de Estudos Empresariais.

Respecto da primeira cuestión o secretario xeral destaca que é a primeira vez que unha universidade galega incorpora ao seu regulamento electoral as medidas de paridade de xénero. Estas medidas consisten en recomendar un equilibrio de xénero (non inferior ao 40%, nin superior ao 60%) na composición das candidaturas que se agrupen en lista; e en limitar o dereito de voto por razón de xénero, de modo que cada elector ou electora non poida votar máis que nuns parámetros respectuosos coa paridade, incorporados nunha columna C ao artigo 20.

Tras a exposición do secretario xeral, o Sr. Xabier de Salvador di que as medidas incorporadas son insuficientes para garantir a paridade, e solicita que se elimine o redondeo na columna C.

O Sr. Jordi Delgado intervén para sinalar a realidade sociolóxica da UDC, que ao seu xuízo debe analizarse con calma antes de tomar decisións neste ámbito.



O Sr. Fernández Cervantes sinala a realidade sociolóxica do seu centro, onde as mulleres son maioritarias, e o xénero masculino está infrarrepresentado.

A Sra. María Jesús Manso sinala tamén que, na súa experiencia persoal, nunca sufriu ningunha discriminación por razón de xénero na UDC.

O Sr. Luis Caparrós sinala, pola súa parte, que a UDC está a piques de presentar o diagnóstico de xénero da UDC, e salienta que a modificación do regulamento expresa a vontade de avanzar en políticas de paridade de xénero.

Tras un debate entre os asistentes, apróbase a proposta de modificación que figura no **anexo VI**, co voto en contra do Sr. Xabier de Salvador que indica o seguinte: “*A razón do meu voto en contra é, segundo manifestei na sesión do Consello, porque a táboa proposta (na columna C) incumpre reiteradamente o criterio xeral da normativa proposta que establece unha cota do 60% a cada sector de xénero*”, e as abstencións do Sr. Jordi Delgado e da Sra. María Jesús Manso.

5. Premios extraordinarios de doutoramento

A Sra. Vicerreitora de Investigación expón a proposta de premios extraordinarios de doutoramento correspondentes ao curso 2008/2009, que se aproba por unanimidade e que se incorpora como **anexo VII** da presente acta.

6. Prazas de profesorado

Tras unha breve explicación, O Sr. Vicerreitor de Profesorado somete a aprobación as prazas de PDI que aparecen consignadas do seguinte xeito:

Prazas mestrados 2010/2011 segundo figuran no **anexo VIII**

Prazas de PDI contratado segundo figuran no **anexo IX**

Todas as prazas son aprobadas por asentimento.

7. Cambios de dedicación



Neste punto, O Sr. Vicerreitor de Profesorado somete a aprobación o cambio de dedicación de dona Ana Rodríguez Raposo que figura como **anexo X** e que é aprobada por asentimento dos presentes.

Sinala tamén a existencia dun erro material no punto 7 da acta do Consello de Goberno do 22 de xullo, en que o cambio de dedicación de T3 P4 debe ser T3 P5, e concédese autorización para corrixilo na acta.

8. Profesorado honorario

Apróbase o nomeamento como profesores honorarios dos catro profesores que figuran no **anexo XI**.

9. Venias docentes

O Sr. Vicerreitor de Profesorado explica que a relación de venias docentes é moi numerosa porque este ano toca renovar as anteriormente concedidas, ademais dalgunhas novas.

Apróbanse por asentimento segundo figuran no **anexo XII**

10. Liquidación do orzamento 2009

A Sra. Xerente explica os datos fundamentais da liquidación, en comparanza coa liquidación do ano anterior (2008). O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica manifesta que as finanzas da UDC seguen a estar saneadas, pero sinala que a marxe de manobra é cada vez menor.

O Sr. Felipe Fernández, representante do PAS, interésase polos créditos pendentes de dubidoso cobramento e contéstalle a xerente en quenda de réplica.

Por unanimidade, apróbase a liquidación segundo figura no **anexo XIII** e autorízase a remisión da liquidación ao Consello Social.

11. Aprobación da proposta do Regulamento de relacións internacionais



A Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais explica as modificacións incorporadas ao novo texto como consecuencia das suxestións achegadas desde distintos centros, unha vez sometida a debate esta cuestión no Consello de Goberno do 22 de xullo.

Os Sres. Casteleiro, Daniel Pena e Fernández Cervantes mostran o seu apoio ao novo texto, agradecendo o talante dialogante da Sra. Vicerreitora.

O Sr. Daniel Pena suxire a mellora de certas cuestións de estilo, que se aceptan.

A Sra. Teresa González solicita que se regule claramente na normativa de xestión académica o procedemento de notificación dos cambios de contrato ás administracións de centro, para unha mellor coordinación.

Tras o cal, queda aprobado o regulamento por unanimidade segundo figura no **anexo XIV**.

12. Quenda aberta de intervencións

Na quenda aberta de intervencións, o Sr. Manuel Casteleiro pide a palabra para subliñar que a aprobación do Mestrado de Enxeñaría Industrial da USC no Decreto 150/2010, do 16 de setembro, lle parece gravísima e ilegal, e solicita que os órganos da UDC realicen todas as xestións e os recursos que procedan para anular con urxencia tal disposición.

O Sr. Felipe Fernández pide que se mande a convocatoria do Consello de Goberno con máis antelación. Así mesmo, solicita información sobre os procesos selectivos de PAS, así como a nova RPT. A xerente informa en quenda de réplica. Felipe responde solicitando que a UDC teña unha aptitude institucional firme contra a Xunta, na defensa dos intereses do seu persoal e, en particular, o financiamento do Capítulo I.

Na súa quenda, o secretario xeral solicita do representante do PAS, Sr. Xosé Portela, un escrupulosos respecto da legalidade e a máxima prudencia á hora de remitir a documentación do Consello de Goberno ás listas de correo electrónico de PAS, dado que nesa documentación hai con frecuencia datos de carácter persoal que non poden ser publicados ou difundidos sen consentimento do seu titular.



O Sr. Baaliña intervéñ para deixar constancia de que pola mañá non funcionaba o vínculo de consulta do borrador da acta, e expón os problemas que a ANECA está provocando ao non aceptar as asimilacións de cargos de xestión académica adoptada pola UDC. O Sr. Vicerreitor de Profesorado replica que se debe tratar dun erro da ANECA, pois o Real decreto de acreditación vixente obriga a que a ANECA dea por válidas as equiparacións a cargos realizadas polas propias universidades no uso da súa autonomía.

O Sr. Daniel Pena retoma o asunto do Mestrado de Enxeñaría Industrial de Lugo para demandar a máxima firmeza institucional na súa anulación, ofrecendo o pleno apoio da Escola Politécnica Superior. Pregunta se hai normas que regulen a adaptación das vellas enxeñarías técnicas aos novos graos. A Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións di que se poden facer cursos ponte, pero sometidos a verificación. Así se fixo na memoria do novo grao de apareladores.

Intervén o Sr. Jordi Delgado:

1) Tal y como comenté en la sesión correspondiente, no tengo inconveniente en que las actas sean públicas pero me parece poco adecuado que el criterio de la Secretaria Xeral, por cambiar la persona del Secretario, sea objeto de cambios máxime cuando en sesiones anteriores se nos informó de que no era posible hacer publicas las actas íntegras de las sesiones del Consello de Goberno. Peor aún, por motivos obvios, es que se publique el borrador del acta sin que esta se haya aprobado conforme al vigente reglamento. Por ello deseo enfatizar -con la petición expresa de que así conste en el acta- que SOLICITÉ que: el criterio de publicación de actas de las sesiones del Consello fuera objeto de un acuerdo del propio Consello de Goberno y no una decisión unilateral del Secretario Xeral de turno.

2) En relación con el CITEEC, hice constar lo inaceptable de la situación de las obras de ampliación del citado edificio, estado sobre el que se ha solicitado información en diversas ocasiones (tal y como consta en las actas de las sesiones del Consello de Goberno) no habiéndose proporcionado el informe que en su momento se comprometió. A tal efecto SOLICITÉ que el citado informe se presentara ante el Consello de Goberno en su próxima sesión ordinaria.

3) En relación con los dos puntos anteriores, el Sr. Rector tuvo a bien indicar que tomaba nota de los ruegos efectuados”.



O secretario xeral contesta que, en efecto, se considerou oportuno darlle a máxima difusión ao borrador da acta a toda a comunidade universitaria mediante a súa publicación na web, para xeral coñecemento dos acordos e dos debates producidos no seo do máximo órgano de goberno da UDC.

A Sra. Teresa González reiteroulle á Xerencia a petición de información sobre a xestión dos procesos selectivos pendentes. Así mesmo, solicitou información sobre as repercusións que para o PAS tería a creación da Facultade de Economía e Empresa. A Sra. Xerente explica que as repercusións están xa reguladas na actual RPT e que agora están no proceso de executalas de común acordo cos traballadores e cos centros afectados.

Ao non haber máis asuntos, o Sr. Reitor rematou a sesión ás 13 h e 34 minutos.

De todo o anterior dou fe, como secretario, co visto e praxe do presidente.

O secretario xeral

Visto e praxe
O presidente

Carlos Amoedo Souto

José María Barja Pérez